



GUÍA DOCENTE DE **METODOLOXÍA DA INVESTIGACIÓN ETNOMUSICOLÓXICA I-II**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN											
DISCIPLINA: METODOLOXÍA DA INVESTIGACIÓN ETNOMUSICOLÓXICA I-II											
ESPECIALIDADE	Interpretación							ITINERARIO		Instrumentos da música tradicional e popular de Galicia	
	Musicoloxía									Etnomusicoloxía	
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE		Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO		Musicoloxía	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:		2h.
ECTS/CUAD.							3	3	Observacións:		

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Aproximación ás diferentes liñas de investigación na etnomusicoloxía contemporánea, coñecendo os recursos metodolóxicos e concepcións en torno a música no seu contexto antropolóxico e social. Iniciación nas técnicas de investigación propias do campo etnomusicolóxico, para a elaboración de proxectos de investigación, desenvolvendo técnicas de redacción e presentación de traballos de investigación.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T2, T3, T4, T8, T14
COMPETENCIAS XERAIS:	X3, X5, X10, X11, X12, X23, X25
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI1, EI6, EM5, EM6
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Coñecer a tradición das investigacións en Etnomusicoloxía, particularmente na investigación mais recente	Todas
Coñecer os procedementos, métodos e técnicas propios da investigación etnomusicolóxica	Todas
Desenvolver a capacidade de realizar lecturas críticas das investigacións abordadas	Todas
Ser quen de aplicar as convencións da investigación en ciencias sociais ao campo específico da investigación etnomusicolóxica	Todas
Desenvolver as técnicas de investigación propias da Etnomusicoloxía	Todas
Elaborar un traballo orixinal dentro do campo disciplinar	Todas



4. CONTIDOS

Definición da investigación Obxecto, alcance, recursos
O deseño do proxecto Fases, execución. Ordenación de materiais, catalogación, documentación e arquivística
Organización e presentación dos materiais Métodos e paradigmas
Definición do obxecto de investigación Alcance e recursos
O deseño do proxecto aplicado Fases e execución. Ordenación de materiais, catalogación, documentación e arquivística. Análise e interpretación dos materiais
Presentación do proxecto Realización da redacción e presentación

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Exposición práctico-teórica (Exposición do traballo do alumno/a na aula)	Presencial	Regular
Lectura guiada e comentario de fontes (preparación durante a clase do traballo encomendado para a seguinte sesión. Supervisión da información teórica aportada polo alumno/a)	Presencial	Regular
Pescuda de información (tempo de pescuda de información adicional ao traballo da aula proposto).	Non presencial	Permanente
Actividades complementarias (Asistencia a cursos, seminarios, conferencias..., relacionados coa disciplina, impartición de cursos ou clases de canto e/ou coro....).	Non presencial	Esporádica
Titorías (atención particular ao alumno/a)	Non presencial	Esporádica
Actividades de avaliación: - Presentación traballos - Revisión de probas	Presencial	Ao final do cuadrimestre

6. AVALIACIÓN

<p>A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria.</p> <p>A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.</p> <p>No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á "avaliación alternativa" e que son especificadas para tal fin na programación do cuadrimestre correspondente.</p> <p><i>*Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.</i></p>
